

NO OBRADOIRO

GLOSARIO DE MODA



ARNÉS

Conxunto de correas que se axustan ao corpo e que se utilizan como suxeición. Pode ser empregado como peza de vestir.

BAMBO

Estilo de pezas de vestir pouco apertadas ou pouco axustadas.

CALZAS

Peza de vestir que cobre desde o pé ata o xeonllo ou a coxa.



CAMISOLA


Camisa ou camiseta ampla, xeralmente con colo camiseiro.

CORPIÑO

Peza de vestir axustada e sen mangas que pode cubrir desde o peito á cintura.

FALDRA OU SAIA

Peza de vestuario que parte da cintura, á que vai cinguida, e que pode ser máis ou menos longa.



CRACHÁ

Pequena chapa metálica con ilustracións ou inscricións, usada decorativamente en pezas de roupa ou complementos.

FALDRIQUEIRA

Bolsa pequena unida a un cinto que se cingue á cintura e onde se levan obxectos persoais de pequeno tamaño. Tamén é habitual levala colgada do ombreiro ou do pescozo.

FLOCOS

Conxunto de fíos ou cordóns que, a modo de adorno, colgan dun tecido.



MALLA

Peza de vestir elástica que se axusta ao corpo nas súas extremidades inferiores.

PENDENTES E TARRAXA

Accesorio con que se adorna a orella e peza coa que se axusta o pendente á orella.



PEZAS DE ROUPA

Calquera dos elementos que constitúen a vestimenta.

SACA

Bolsa de tea con dúas asas que se utiliza para transportar no seu interior obxectos de uso persoal ou, inclusive, para carrear a compra.

SUADOIRO

Chaqueta ou xersei, xeralmente de algodón, que pode ter capucha.

TALLE

Medida convencional que serve de patrón para a confección de pezas de roupa.

Glosarios recollidos e ilustrados por

P U R A ● Q U I T E R I A

Este proxecto audiovisual realizouse
ao abeiro do Fondo de proxectos
culturais Xacobeo 2021-2022 da
Xunta de Galicia

